

## Itinerarios ambientais

**Camiñando polo Concello de Dodro para descubrir o seu patrimonio ambiental**

Os tres itinerarios ambientais que podes percorrer no Concello de Dodro e que se presentan aquí, son accesibles facilmente dende a C-550, e os tres están comunicados entre si para poder acceder de uns aos outros variando as rutas aquí descritas como se desexe.

Na ruta circular da Cruz de Avelán poderemos coñecer o patrimonio máis importante da zona como os petroglifos de Bouza Badin, o peto de ánimas da Cruz de Avelán e o muíño da Devesa ademais do medio natural das plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos.

Na ruta circular do Alto da Paxareira identificaremos os elementos máis importantes da paisaxe das Brañas do río Ulla, as sorpresas que deparan as plantacións forestais e descubriremos os hórreos e a arquitectura tradicional de Vigo.

No itinerario de Lestrobe poderemos coñecer o seu medio descubriendo rastros e sinais de animais, os misterios dunha pequena fraga e a paisaxe.

Esperamos que goces camiñando por estes itinerarios a pé e que te descubran as marabillas que ten o Concello de Dodro.

## Axuda a respectar o medio ambiente

- Deposita nos contedores e papeleiras o lixo que produzas durante a túa visita. Sería importante que fixeras unha recollida selectiva.
- Ten coidado co lume. Un incendio causa graves prexuízos na natureza e mesmo podemos poñerlos en perigo.
- Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza. Non esquezas que nós somos os visitantes.
- Lembra que os animais domésticos ceibes poden asustar a outras persoas ou molestar aos animais que teñen neste lugar un refuxio de tranquilidade.
- Aproveita estes momentos para gozar do contacto coa natureza. Esquece as présas, presta atención ás pequenas cousas e ven visitar Dodro nas distintas épocas do ano.



## Teléfonos de interese

**Incendios Xunta de Galicia** 085  
**Emerxencias SOS Galicia** 112  
**Seprona** 062

## Concello de Dodro

Tfn: 981 80 20 62 - Fax: 981 80 21 42  
 E-mail: correo@dodro.dicoruna.es

	Patrimonio arquitectónico		Patrimonio cultural
	Observatorio de uso público		Mirador
	Fonte		Panel informativo
	Área recreativa		Mantéñase nos camiños
	Muíños		Árbore ou formación vexetal de interese


Concello de Dodro

# Itinerarios Ambientais



# Dodro

## Vista xeral dos itinerarios




## Ruta circular Cruz de Avelán

Este itinerario desenvólvese polos arredores de Imo e pola zona de poboación máis dispersa do Concello.

No noso camiñar poderemos coñecer os misterios do patrimonio da zona. Abriremos nos Petroglifos de Bouza Badin que teñen 4000 anos, admiraremos no peto de ánimas da Cruz de Avelán e investigaremos o muíño de A Devesa coa súa característica construción de pozo.

Ademais poderemos descubrir o medio natural das plantacións de piñeiros e eucaliptos.

### Plano da ruta



## Os petroglifos: 4000 anos de historia

Os petroglifos (de petro=pedra e glyfo=esculpir) son gravados nas pedras con diferentes motivos, realizados pola cultura que habitou estas terras durante a Idade de Bronce, entre os anos 1.800 e o 600 a.C. O seu significado podería estar relacionado co culto ao sol nas combinacións circulares, representacións relacionadas coa fecundidade no caso de animais.

Estes gravados forman parte das nosas raíces culturais e temos o deber moral de coidalos e conservalos. Procura non camiñar por encima dos petroglifos, nin marcalos con xiz ou pintura, por que pode supoñer un deterioro irreversible destas valiosas mostras do noso pasado e unha perda da nosa riqueza cultural e patrimonial.

## As fragas e as plantacións forestais

En Galicia as fragas son os bosques de folia caduca nas que predomina o carballo. A esta árbore acompañana unha grande riqueza de vida traducida en plantas, outras árbores, animais.

As fragas tamén nos proporcionan recursos importantes como madeira e froitos, e contribúen ao equilibrio ecolóxico do medio. Na actualidade estes bosques de árbores autóctonas están en declive, representando o 20% da superficie forestal galega.

A finais do século pasado iniciouse unha política de reforestación utilizando primeiro o piñeiro e despois o eucalipto. Deste xeito unha grande parte da superficie forestal galega son plantacións destas dúas especies para a produción de madeira a curto prazo.

Estas plantacións sustentan menos vida que as fragas, aínda que os piñeiros gardan unha diversidade media moi interesante. No futuro temos o reto de realizar unha xestión sostible do monte onde podamos complementar a produción de madeira e a conservación da biodiversidade.


## Ruta circular Alto da Paxareira

Este itinerario discorre pola zona de Vigo. Neste lugar poderemos coñecer a arquitectura tradicional das súas casas e hórreos.

Tamén desde o alto da paxareira gozaremos da contemplación da paisaxe do esteiro do Ulla de grande valor ambiental.

Ademais camiñaremos por extensas plantacións de piñeiros e eucaliptos con fauna sorprendente.


### Plano da ruta



## Ruta circular de Lestrobe

Este itinerario desenvólvese pola zona de Lestrobe. Na nosa andaina poderemos descubrir a vida dunha pequena fraga, mirar a fermosa paisaxe que debuxa o Ulla na súa desembocadura e investigar sobre as pegadas que deixan algúns animais.

### Plano da ruta



## Os muíños e os hórreos

Dende a Idade Media, en Galicia, os muíños de auga foron un recurso moi estendido, pola abundancia de ríos e regatos. O seu sinxelo mecanismo aproveita a forza da auga, transformando o cereal en fariná e esta no valioso pan, importantísimo no pasado para a alimentación. Este muíño de Devesa tamén proporcionou electricidade a algunhas casas da aldea.

Moitas destas construcións están hoxe en día abandonadas pola transformación do agro pero agochan un rico patrimonio arquitectónico, cultural e etnográfico a conservar para as xeracións futuras.

As funcións principais do hórreo, utilizado desde tempos antigos como celeiro de distintos cereais, é facilitar o secado e conservación do gran e outros froitos da terra, á vez que impedir a entrada de roedores e outros animais.

Dende o punto de vista arquitectónico e etnográfico o hórreo é unha construción característica que forma parte inseparable da paisaxe galega. Ademais constitúe unha significativa aportación ao patrimonio de Galicia que debemos coidar e protexer.